

A VOZ DE HIND

Kaouther Ben Hania, 2025

1635

ESTREA EN NUMAX: 28.11.2025 | V.O.S.E. | 89 min

29 de xaneiro de 2024. Os voluntarios da Media Lúa Vermella reciben unha chamada de emerxencia. Unha nena de 6 anos está atrapada nun coche baixo o fogo en Gaza, suplicando ser rescatada. Mentres tentan mantela en liña, fan todo o posible por enviarlle unha ambulancia. O seu nome, Hind Rajab.

«Devastadora a historia, poderosa a súa adaptación á pantalla.

Memorable en todos os sentidos»

Tomasso Koch, EL PAÍS



Entrevista con Kaouther Ben Hania: «Ao escoitar a pequena Hind pareceume escoitar a voz de Gaza pedindo axuda no baleiro»

A última chamada de Hind Rajab é unha das historias máis desgarradoras e emblemáticas que xurdiron de Gaza, un momento que foi investigado meticulosamente por medios internacionais. En que momento decidiu que esta historia debía converterse nunha película? A primeira vez atopeime cun breve fragmento de audio de Hind Rajab pedindo axuda. A súa pequena voz atravesando o caos, pedindo simplemente non quedar soa. No momento en que a escoitei, algo dentro de min cambiou. Sentín impotencia e tristura: non intelectual, senón física. Coma se o mundo se tivera inclinado lixeiramente fóra do seu eixo. A voz de Hind, nese instante, converteuse en algo máis que o rogo desesperado dunha nena. Sentín a propia voz de Gaza, pedindo axuda no baleiro, recibindo indiferenza, recibindo silencio. Era unha metáfora feita dolorosamente real: un berro de auxilio que o mundo podía escoitar, pero ao que ninguén parecía disposto a responder.

Púxenme en contacto coa Media Lúa Vermella Palestina para escoitar a gravación completa. Duraba máis de setenta minutos, setenta minutos de espera, de medo, de tentar resistir. Foi unha das cousas máis difíciles que escoitei na miña vida. Logo empecei a falar coa nai de Hind e coas persoas que estaban alén desa chamada, quen tentou, contra toda probabilidade, salvala. Falamos durante horas. A partir das súas palabras e da presenza estremecedora da propia voz de Hind, empecei a construír unha historia. Unha historia enraizada na verdade, sostida pola memoria e moldeada polas voces de quen estivo alí.

Por que sentiu a necesidade de contar esta historia a través do cinema? Mesmo co acceso denegado a Gaza, xurdiu certo xornalismo de investigación, como vostede mencionou. Pero creo que o cinema ofrece algo diferente. Non informa, lembra. Non discute, fai sentir. O que me perseguía non era só a violencia do que ocorreu, senón o silencio que seguiu. Iso non é algo que un informe poida conter. Iso é algo que só o cinema, na súa quietude e intimidade, pode tentar abarcar. Así que recorrín á única ferramenta que teño (o cinema), non para explicar ou analizar, senón para preservar unha voz. Para resistir a amnesia. Para honrar un momento que o mundo nunca debería esquecer. Esta historia tamén trata da nosa responsabilidade compartida, de como os sistemas fallan aos nenos gazatís e de como o silencio do mundo forma parte da violencia.

Un dos aspectos máis impactantes da película é a presenza crúa e sen filtros dos actores. Hai unha autenticidade palpable nas súas reaccións. Débese a que estaban a escoitar a voz real de Hind durante a rodaxe? E como influíu iso nas súas interpretacións? Si, o que se percibe é real. Os actores non estaban simplemente interpretando liñas dun guión. Estaban a habitar un momento vivido. Durante a rodaxe, cada actor repetía, case palabra por palabra, o que o seu homólogo real tiña dito a Hind. E nos seus auriculares, escoitaban a voz real de Hind, tomada da gravación orixinal. Todos os actores son palestinos e esta película significaba moito para eles. Non estaban simplemente interpretando unha historia, estaban a cargar con algo que os tocaba no persoal, o histórico e o político. Non era algo abstracto. Era real, próximo, inmediato.